

# OTESOURO

[Corneliu Porumboiu, 2015]

# 196

ESTREA EN NUMAX: 03.02.2017 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

*Comoara* (2015, 90')

**Dirección:** Corneliu Porumboiu

**Guión:** Corneliu Porumboiu

**Elenco:** Toma Cuzin, Adrian Purcareaescu, Corneliu Cozmei, Cristina Cuzina Toma, Nicodim Toma, Dan Chiriac, Iulia Ciochina

**Vestuario:** Erin Benach

**Son:** Alexandru Dragomir

**Montaxe:** Roxana Szel

**Fotografía:** Tudor Mircea

**Produtora:** 42 Km Film (Romanía), Les Films du Worso, Rouge International (Francia)

**Distribuidora:** Surtsey Films

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Rumano

## FILMOGRAFÍA

*El segundo juego*, 2014

*When Evening Falls on Bucharest or Metabolism*, 2013

*Police, Adjective*, 2009

*12:08 East of Bucharest*, 2006

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2015: Mellor reparto (Un Certain Regard)

## SINOPSE

Costi ten un fillo de seis anos e polas noites gústalle lerlle historias para axudalo a durmir. Un día, un veciño chama á súa casa para pedirlle cartos. Cando lle explica que son para contratar un buscador de metais que o axude a atopar un tesouro enterrado na casa da súa nai, o protagonista amosará verdadeiro interese.

«Unha aventura minimalista de tesouros enterrados e funcionarios grises convertidos en heroes cotiáns»

Bea González, CINE DIVERGENTE



# O TESOURO

[Corneliu Porumboiu, 2015]

## “Gústame traballar en historias enterradas que o cinema pode sacar á luz”

Entrevista a Corneliu Porumboiu

### Cal foi o punto de partida do filme?

Tiña o proxecto de facer un documental sobre un amigo e director, Adrian Purcariescu, que nunca puido rematar o filme, comezado hai dez anos, por falta de financiamento. Pensei que xuntos lograríamos rematar ese filme incompleto pero non quedei satisfeito co resultado. Porén, quería continuar co proxecto doutro xeito. Entón caín noutra historia que Adrian me contara... Unha lenda local.

**A historia dun tesouro?** O bisavó de Adrian enterrara a súa fortuna no xardín antes de que os comunistas chegaran ao poder. Dixenme que aí había material para enriquecer o meu documental. Entón partimos na busca do tesouro cun equipo de rodaxe e un especialista en detección de metais. No xardín do bisavó comezamos a explorar coa axuda de dous detectores de metais, un sonoro e outro con imaxes 3D. No transcurso da nosa busca escoitei ao meu amigo e dinme conta que non só estabamos buscando un tesouro senón tamén o recordo das vidas humanas que compoñían a súa familia. Malia os nosos esforzos non atopamos o rastro do famoso tesouro. Nese momento, decidín transformar a desventura en ficción, vingarme desta historia fracasada, darlle forma de comedia porque era o único xeito de que fose soportábel!

**Cal é a parte documental do seu filme?** Na montaxe do proxecto inicial intrigoume a singularidade dese xardín e a casa onde buscabamos o tesouro. A nosa situación facíame preguntarme: Cal é o noso presente? Como o vivimos? Cal é a nosa relación coa historia? Durante a Segunda Guerra Mundial, esa casa albergou dous oficiais do exército alemán. Máis tarde, en 1947, os comunistas nacionalizárona. O bisavó, a avoa, o avó, a avoa e a nai do meu amigo foron deportados a Caracal, ao sur do país. Catro anos máis tarde regresaron ao pobo, pero nunca máis habitaron a

casa. (...) Gústame traballar en historias enterradas que o cinema pode sacar á luz. Eu filmo no presente: na superficie, temos acceso ao mundo tal e como é, pero tras as apariencias agóchanse varios niveis sorprendentes, un terreo ideal para construír ficción.

### Sitúa a busca do tesouro como núcleo do filme e xoga coa dilatación do tempo e os aspectos traxicómicos.

**Como imaxinou o ritmo deste filme, composto por escenas?** Na primeira parte do filme, na cidade, utilicei primeiros planos, con campos/contracampos, para amosar o intercambio entre os personaxes e os seus límites: na segunda parte, a busca do tesouro, quería concentrarme no punto de vista de Costi. O espectador entra no xardín con el e séguelo ao longo das súas peregrinacións. Quería dar a impresión de que Costi está perdido nun xardín infinito e que arrastre con el, agardo, ao espectador.

**Quixo xogar cos elementos dun western para desprezar mellor outros fíos narrativos** Encántanme os westerns de John Ford e sobre todo determinados filmes como *El tesoro de Sierra Madre* (John Huston, 1948) que tamén relata a caza dun tesouro! Pero máis ben inspireime en *Las noches de luna llena* (Éric Rohmer, 1984) para contar principalmente unha aventura moi singular, entre os personaxes e o seu pasado.

**Por que o tema da violencia aparece tanto no filme?** O filme xira arredor da noción da propiedade, aquilo que atopan ou non no xardín dos avós, aquilo que transmiten aos fillos, o medo a ser acusado de roubo, etc. O conto de Robin Hood que o pai le ao seu fillo non narra nada distinto no fondo. O xardín e a casa do filme cambiaron de propietario con frecuencia: xardín de infancia na época comunista e bar de striptease despois da Revolución antes de volver ás mans da familia de Adrian. Eu traduzo esta violencia sobre a propiedade, tan particular en Romanía, por unha alusión aos westerns, onde os homes se disputan seguido a propiedade da terra, dos seres, dos obxectos.

Publicado en [decine21.com](http://decine21.com)  
Tradución: Olalla Cociña

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME